



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 22 DE MAIO DE 2008,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Proxecto de Lei de residuos de Galicia

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se regulan as cartas de servizos da Xunta de Galicia e o Observatorio da Calidade e da Administración electrónica en Galicia
- Decreto polo que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
- Decreto polo que se aproba o cambio de denominación do Colexio Oficial de Axentes e Comisionistas de Aduanas da Coruña e Lugo

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado da VAC da Costa Norte (Lugo). Treito: Celeiro-San Cibrao
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado da mellora da seguridade viaria na PO- 325 (Vigo- A Ramallosa)
- Decreto polo que se aproba o cambio da titularidade dos treitos antigos da AC-550, nas parroquias de Abuín e Cans a prol do Concello de Porto do Son

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que o centro público integrado O Mosteirón, do concello de Sada (A Coruña), se transforma en colexio de educación infantil e primaria e se crea o instituto de educación secundaria



CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Decreto polo que se regula a sinalización turística de Galicia

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Moaña, para a creación dunha escola infantil 0-3 integrada na Rede Galega de Escolas Infantís 0-3 (Galescola)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de cooperación entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Ourense para a creación dunha escola infantil 0-3
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e Benestar, para o financiamento de investimentos de capital en centros destinados á atención á dependencia durante os anos 2008 e 2009
- Acordo polo que se autoriza establecer un anticipo superior ao 10% da subvención no momento da concesión na orde pola que se convocan subvencións para o desenvolvemento de programas para a educación familiar polas corporacións locais de Galicia

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración coa Universidade de Málaga, a University of Wolverhampton, Linguapolis, Fundatione Italy-Cina, Eurocock, Grupo Compostela e Asesoramento, Tecnología e Investigación, para a realización do proxecto: "*Competencias en chinés elemental para mellorar a competitividade das empresas da Unión Europea (Chinesecom*", no marco do programa de aprendizaxe permanente 2007-2013 e se autoriza a plurianualidade do gasto nel previsto

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de cooperación entre a Consellería de Cultura e Deporte e a Universidade da Coruña, para a realización dos traballos do inventario de cruces, cruceiros e petos das ánimas de Galicia



- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de cooperación entre a Consellería de Cultura e Deporte e a Universidade de Santiago para a realización das análise paleoambientais e arqueométricos do xacigo do Areal

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a cláusula adicional terceira ao concerto do 16 de xaneiro de 2006, suscrito entre o Instituto Policlínico La Rosaleda e o Servizo Galego de Saúde pola que se actualizan a carteira de servizos, os conceptos facturables, as tarifas aplicables e o importe estimado para o ano 2008
- Acordo polo que se autoriza a cláusula adicional terceira ao concerto do 16 de xaneiro de 2006, suscrito entre o Instituto Médico Quirúrgico San Rafael e o Servizo Galego de Saúde pola que se actualizan a carteira de servizos, os conceptos facturables, as tarifas aplicables e o importe estimado para o ano 2008
- Acordo polo que se autoriza a cláusula adicional terceira ao concerto do 16 de xaneiro de 2006, suscrito entre o Instituto Policlínico Santa Teresa e o Servizo Galego de Saúde pola que se actualizan a carteira de servizos, os conceptos facturables, as tarifas aplicables e o importe estimado para o ano 2008

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Cortegada para a execución da obra: convenio MPA. Colectores e depuración nas parroquias de Refoxos e Zaparín. 1ª fase. Cortegada (Ourense), por importe de 790.000 euros

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello da Rúa para o acondicionamento da praza de Fontei
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Ribadavia, para a execución das obras de recuperación do núcleo histórico de Ribadavia, infraestruturas xerais rúa Salgado Moscoso
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Ourense, para o acondicionamento de diversos espazos públicos no núcleo urbano de Ourense
- Acordo polo que se autoriza a sinatura de convenios de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e os concellos da Coruña, Santiago de Compostela, Ourense e Vigo para a tramitación de expedientes de rehabilitación e financiamento



dos gastos de mantemento das oficinas municipais de rehabilitación- portelos únicos de vivenda



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DA LEI DE RESIDUOS DE GALICIA, QUE FOMENTA A PREVENCIÓN E REDUCIÓN NA PRODUCCIÓN DE RESIDUOS

- *A nova normativa establece o réxime xurídico aplicable á produción dos residuos, fomenta a súa redución, reutilización e reciclaxe e aposta pola valorización e optimización nos procesos de eliminación*
- *A norma establece unha concepción única e integral dos residuos e delimita as competencias das diferentes administracións*
- *A Lei regula aspectos como a planificación autonómica e local, o réxime de autorización administrativa para as actividades de produción, posesión e xestión de residuos, a repartición de competencias e a regulación dos solos contaminados, ademais de incorporar un réxime de inspección e sancionador*
- *A norma introduce como novidades a regulación das obrigas dos responsables de comercializar produtos que co seu uso se converten en residuos e a xestión destes mediante a creación de Sistemas Integrados de Xestión*
- *A Lei establece a obriga de realizar unha autoanálise ambiental con periodicidade anual para determinado tipo de actividades e empresas*
- *Establécese a creación da Auditoría ambiental, que implica a colaboración coas empresas para a identificación dos seus puntos críticos en materia ambiental e a cooperación con estas para mellorar a súa ecoeficiencia*
- *A norma establece un catálogo de infraccións e sancións que recolle o principio de reparación e restauración do medio alterado con independencia da sanción imposta*
- *O proxecto foi presentado no Consello Galego de Medio Ambiente, e logo da aprobación de hoxe no Consello pasará á tramitación parlamentaria*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao proxecto da Lei de residuos de Galicia, elaborado pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, que dotará o ordenamento xurídico galego dunha norma marco sobre a que pivotará o resto da normativa en materia de residuos. Así, a Lei establece o réxime xurídico aplicable á produción dos residuos e unha concepción única e integral deles, fomenta a súa redución, reutilización e reciclaxe e regula aspectos como a planificación autonómica e local, o réxime de autorización administrativa para as actividades de produción, posesión e xestión de residuos, a repartición de competencias e a regulación dos solos contaminados, ademais de incorporar un réxime de inspección e sancionador.

A lei, estruturada en dez títulos, establece unha concepción única e integral dos residuos e delimita as competencias das entidades locais, deputacións provinciais e da comunidade autónoma nesta materia. Así mesmo, incorpora os principios comunitarios de prevención e redución na produción dos residuos, e de valorización e optimización na súa eliminación.

Entre as novidades que introduce a nova normativa atópase a regulación das obrigas dos responsables da posta no mercado de produtos que co seu uso se converten en residuos,



así como a xestión que dos devanditos residuos poden realizar os seus responsables e a constitución dos sistemas integrados de xestión. Así, a lei introduce a obriga, para as empresas cuxa actividade se determine regulamentariamente, de realizar unha autoanálise ambiental con periodicidade anual, encamiñada á optimización das instalacións, aplicando técnicas de produción limpa ou de mecanismos de minimización de residuos. Entre as novas técnicas de control tamén se establece a creación da auditoría ambiental, que implica a colaboración coas empresas para a identificación dos seus puntos críticos en materia ambiental e a cooperación con estas para a adopción de medidas que melloren a súa ecoeficiencia.

No que respecta aos recursos económicos, a lei recolle un seguro de responsabilidade civil e a prestación de fianza ou garantía á cal quedan suxeitas tanto as actividades de xestión de residuos, sometidas a autorización, como os produtores de residuos así como a declaración de utilidade pública e interese social para os efectos de expropiación forzosa, o establecemento ou ampliación de instalacións de xestión de residuos. Tamén recolle a exixencia da autorización administrativa para a instalación, ampliación, modificación e traslado de industrias ou actividades produtoras de residuos perigosos e outras actividades de produción, posesión e xestión de residuos.

Plan de xestión de residuos

A planificación da xestión de residuos pola Comunidade Autónoma persegue a coordinación entre as diferentes administracións públicas con competencias neste eido, tendo en conta a incidencia económica, social, cultural, ecolóxica, demográfica e territorial da xestión integral dos residuos, para lograr o cumprimento dos seguintes obxectivos:

- prever e reducir a produción de residuos e a súa nocividade
- garantir que todo residuo susceptible de ser valorizado se destinará a tales fins, fomentando a recollida selectiva, a reutilización, recuperación, reciclaxe e o seu uso como fonte de enerxía
- a determinación e distribución no territorio do conxunto de instalacións e xestión necesarias para garantir os principios de autosuficiencia e proximidade na xestión de residuos xerados na Comunidade Autónoma galega
- e evitar o depósito incontrolado de residuos

A tal fin, a Lei determina que lle corresponde á Xunta de Galicia a elaboración e aprobación dos plans de residuos, nos que se recollerán desde o ámbito material, territorial e temporal que lle corresponde ao dito plan, ata o plan de infraestruturas necesarias para a consecución dos obxectivos marcados no mesmo e a programación temporal das actuacións previstas. Así mesmo, estes plans deberán contar cun programa financeiro de actuación no que se expresarán e cuantificarán os custos económico-financieros derivados da súa execución. Estes plans revisaranse nos prazos previstos, que non excederán do prazo máximo de 10 anos.



A Lei abre a posibilidade de que as entidades locais elaboren os seus propios plans de xestión de residuos urbanos, que deberán respectar as directrices contidas no plan da Xunta.

Solos contaminados

A lei incorpora o procedemento e efectos da declaración dun solo como contaminado que obriga á súa descontaminación, calquera que sexa o período transcorrido dende que esta contaminación foi producida, con especial atención respecto das repercusións da declaración dun solo contaminado sobre a planificación urbanística, xa que non se poderán executar desenvolvementos urbanísticos nos ámbitos que inclúan solos contaminados; recoñece a posibilidade de que a Comunidade Autónoma de Galicia poida conceder subvencións para incentivar a produción limpa e a implantación das mellores técnicas dispoñibles.

Inspeccións e sancións

No que se refire á inspección, vixilancia e control, a lei establece que estas tarefas lle corresponden á Consellería de Medio Ambiente ou ao concello competente, e que se realizarán mediante persoal funcionario acreditado ou entidades ambientais de control debidamente autorizadas. O réxime sancionador establece un catálogo de infraccións e sancións e recolle o principio de reparación e restauración do medio ambiente alterado con independencia da sanción imposta. Tamén prevé a posibilidade de que os concellos poidan establecer nas súas ordenanzas, como alternativa á multa, e no caso de infracción por abandono ou vertedura de residuos derivados do consumo privado na vía pública e espazos públicos, a posibilidade de que o infractor realice, con carácter voluntario, unha prestación persoal de servizos de limpeza na vía pública.

Segundo se establece na Lei, as infraccións clasifícanse en moi graves, graves e leves. Pola comisión das infraccións moi graves poderanse impoñer sancións como multas que van desde os 30.050,62 ata 1.202.024,21 euros, e mesmo a inhabilitación para o exercicio de calquera das actividades previstas na Lei por un período de tempo non inferior a un ano nin superior a 10. Pola comisión de infraccións graves poderanse impoñer, entre outras, sancións que van desde os 601,02 ata 30.050,61 euros e inhabilitación dun tempo máximo dun ano. No caso das infraccións leves, poderanse impoñer multas de ata 601,02 euros.

En ningún caso a multa que se impoña pola comisión dunha infracción tipificada na Lei resultará máis beneficiosa para o infractor que o cumprimento da disposición infrinxida, podendo incrementarse a súa contía ata o dobre da mesma, aínda que iso supoña superar as sancións máximas previstas na propia Lei.

Finalmente, establécense normas específicas para os residuos de establecementos sanitarios e a desagregación do custo derivado da correcta xestión dos residuos nos pregos de condicións administrativas dos contratos administrativos, nun esforzo por regular o que se denomina "contratación verde".



O GOBERNO GALEGO APROBA O DECRETO DE REGULACIÓN DAS CARTAS DE SERVIZOS DA XUNTA E O OBSERVATORIO DA CALIDADE E DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DE GALICIA

- ***Con esta norma, o Executivo galego desenvolve a Lei de transparencia e boas prácticas na Administración pública***
- ***As cartas de servizos son un importante instrumento de xestión da calidade e da mellora dos servizos públicos***
- ***O Observatorio da Calidade promoverá e executará actuacións de recompilación, análise, seguimento e valoración da tendencia da xestión da calidade e favorecerá a modernización e a administración electrónica nas Administracións públicas galegas***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se regulan as Cartas de servizos da Xunta de Galicia e o Observatorio de Calidade e da Administración Electrónica de Galicia (OCEG). A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da súa Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas, elaborou este decreto, co que se pretende desenvolver a Lei de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, promovendo unha regulación que, no marco das actuacións globais de mellora que adopta a Administración autonómica galega, contribúa a impulsar a xestión da calidade a través do desenvolvemento das cartas de servizos da Xunta e da potenciación da actuación do OCEG. Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Cartas de servizos

As cartas de servizos son un importante instrumento de xestión da calidade que promove un proceso de análise e mellora dos servizos dunha organización e cuxos resultados se plasman en documentos divulgativos de acceso público, impresos ou electrónicos, nos cales, como mínimo, se identifican servizos públicos que presta a organización, os órganos responsables desa prestación, os dereitos dos usuarios deses servizos, así como niveis estándares e compromisos de calidade aos que se axustará a prestación dos ditos servizos.

Poderán elaborar proxectos de cartas de servizos os órganos, centros ou unidades, calquera que sexa o seu nivel orgánico, con competencia material ou funcional nos servizos sobre os que se pretenden desenvolver as respectivas cartas. Estas poden ter por obxecto o conxunto dos servizos ou servizos específicos que un órgano ou nivel organizativo da Administración da Xunta de Galicia prestan ben ao cidadán, ou ben ao propio persoal da Administración autonómica ou outros órganos, centros, departamentos ou entidades dependentes da Xunta de Galicia.

Así mesmo, para os supostos en que o ámbito competencial sobre uns servizos corresponda a varias organizacións responsables da prestación deses servizos, se distinguirase entre cartas de servizos interdepartamentais e cartas de servizos interadministrativas. As primeiras son aquelas Cartas que teñan por obxecto un ou varios



servizos en que na súa prestación participan distintos órganos ou organismos dependentes de máis dunha consellería da Xunta de Galicia; as *interadministrativas* son as que na súa prestación participan, ademais de órganos ou organismos dependentes da Xunta de Galicia, outros órganos ou organismos doutras administracións públicas.

Sistema de cualificación

Así mesmo, as cartas de servizos da Xunta de Galicia someteranse a un sistema de cualificación de tres niveis de calidade, en función do cal a cada proxecto de carta de servizos elaborado se lle asignará unha categoría distintiva. Estas categorías son, de menor a maior grao, as de carta de servizos base, carta de servizos auditada e carta de servizos consolidada. A cualificación do nivel de calidade que corresponda a cada carta será efectuada pola Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas, atendendo ao cumprimento dos requisitos mínimos que se detallan nos anexos desta norma para cada un dos niveis de calidade sinalados.

Ademais, segundo este decreto, créase o Rexistro Xeral de Cartas de Servizos da Xunta de Galicia que xestionará a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a través da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas. Neste rexistro inscribírase, como mínimo, información referida a cartas de servizos aprobadas, actualizadas, modificadas, derogadas; á data e ao órgano competente que formaliza a aprobación, actualización, modificación ou derogación de cartas vixentes e á categoría ou nivel de calidade asignado a cada carta de servizos.

Observatorio da Calidade e da Administración Electrónica de Galicia

Por outra banda, neste decreto tamén se recolle a constitución e regulación do funcionamento do Observatorio da Calidade e da Administración Electrónica de Galicia, que terá como fins últimos os de promover e executar actuacións de recompilación, análise, seguimento e valoración da tendencia da xestión da calidade; a modernización e a administración electrónica nas Administracións públicas galegas; así como promover a difusión de datos, informacións e coñecementos sobre estas materias. O OCEG adscríbese á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a súa coordinación funcional atribúese á Dirección Xeral da Calidade e Avaliación das Políticas Públicas

Entre as funcións principais do OCEG está desenvolver ou promover recompilacións, estudos e análises de datos que permitan coñecer cunha visión global o nivel de desenvolvemento, a tendencia e as posibles problemáticas que poden afectar a extensión da modernización, a xestión da calidade e a administración electrónica nas Administracións públicas galegas. Así mesmo, tamén pretenderá facilitar análises comparativas e aliñamentos dos datos dese nivel de desenvolvemento e a tendencia cos doutras administracións públicas nacionais ou internacionais ou promover nas súas materias o intercambio de experiencias e información cuantitativa e cualitativa, así como a cooperación entre Administracións, observatorios da calidade e outros organismos ou entidades -públicas ou privadas-, e profesionais e investigadores de ámbito autonómico, nacional ou internacional.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA OS ESTATUTOS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

- ***Entre os seus fins están o ordenamento do exercicio da profesión en todas as súas formas e especialidades, a súa representación exclusiva e a defensa dos intereses profesionais dos colexiados***

O Consello da Xunta aprobou hoxe os estatutos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG), que ten como fins o ordenamento do exercicio da profesión do psicólogo en todas as súas formas e especialidades, a súa representación exclusiva da mesma e a defensa dos intereses profesionais dos colexiados; vixiar o exercicio da profesión, facilitando o coñecemento e cumprimento das disposicións legais que a afecten e facendo cumprir a ética profesional e as normas deontolóxicas do psicólogo; e fomentar a promoción e desenvolvemento técnico e científico da profesión e da ciencia psicolóxica.

Para o cumprimento destes fins, o colexio exercerá unha serie de funcións entre as que se atopan facilitarlles aos seus colexiados o exercicio da profesión; asumir a representación da psicoloxía profesional galega no eido estatal e internacional; ordenar no seu ámbito competencial o exercicio profesional; administrar a economía colexial; organizar actividades de perfeccionamento e actualización científico-profesional dos colexiados na orde formativa e investigadora; elaborar normas deontolóxicas; defender os dereitos dos colexiados; adoptar as medidas conducentes a evitar o intrusismo profesional; establecer táboas de honorarios; e velar pola correcta distribución e uso das probas e material psicolóxico.

Exercicio da profesión

O texto establece que a profesión de psicólogo se pode exercer de maneira liberal, individual ou asociadamente, e tamén a través de relación laboral -con calquera empresa pública ou privada- ou, se procede, funcionarial. En todo caso, a actuación profesional deberá ser conforme coas normas deontolóxicas contidas no Código deontolóxico aprobado polo colexio, de obrigado coñecemento e cumprimento.

Colexiación

Teñen dereito a incorporarse ao colexio os licenciados e doutores en psicoloxía e en filosofía e letras e ciencias da educación (sección ou rama de psicoloxía). Tamén poderá incorporarse ao colexio quen tivese a homologación do seu título académico a calquera destas titulacións.

A incorporación poderá realizarse como colexiado exercente e non-exercente; e necesariamente serán non-exercentes os colexiados que teñan a titulación de doutor en psicoloxía, filosofía e letras e ciencias da educación –nas dúas últimas, na sección ou rama de psicoloxía- sen posuír á vez o título de licenciado. Para obter a colexiación, ademais de posuír a titulación requirida, os interesados terán que solicitalo por escrito á Xunta de Goberno, entregar a correspondente documentación acreditativa e aboar as cotas correspondentes.



Os estatutos dispoñen que a incorporación ao colexio é requisito indispensable e obrigatorio para o exercicio profesional da psicoloxía en Galicia. Porén, os profesionais titulados vinculados coa Administración pública mediante relación de servizos de carácter administrativo ou laboral non precisarán estar colexiados para o exercicio das funcións puramente administrativas nin das propias da correspondente profesión por conta da Administración a que pertencen cando o destinatario inmediato destas sexa ela mesma.

Para o exercicio da actividade privada, a colexiación será obrigatoria. Así mesmo, as sociedades profesionais cuxo obxecto social sexa a psicoloxía so poderán exercer a súa actividade por medio de profesionais colexiados e están obrigadas a inscribirse no Rexistro de Sociedades Profesionais do COPG.

A colexiación poderá ser denegada por carecer da titulación requirida; por non aboar as cotas establecidas; e por terse ditado sentenza firme contra o interesado que o condene á inhabilitación para o exercicio profesional. Así mesmo, perderase a condición de colexiado por petición propia, por pena de inhabilitación, por falta de pagamento da cota colexial ou en cumprimento de sanción disciplinaria.

Os órganos de goberno e representación colexial do colexio son a Asemblea Xeral de Colexiados, a Xunta de Goberno e o Decano.

Axentes e comisionistas de alfándegas

Doutra banda, o Consello tamén aprobou un decreto polo que se aproba o cambio de denominación do Colexio Oficial de Axentes e Comisionistas de Aduanas da Coruña, que pasa a denominarse Colexio Oficial de Axentes e Comisionistas de Aduanas da Coruña e Lugo.



O CONSELLO DA XUNTA DECLARA A UTILIDADE PÚBLICA E URXENTE OCUPACIÓN DOS TERREOS PARA A CONSTRUCCIÓN DA VÍA DE ALTA CAPACIDADE DA COSTA NORTE ENTRE CELEIRO E SAN CIBRAO

- ***Política Territorial investirá 276 millóns de euros na construción de toda a VAC entre Ferrol e San Cibrao***
- ***Na actualidade estanse redactando os proxectos construtivos de todos os treitos e este ano comezarán as obras do aprobado hoxe e da Variante de Ortigueira, que supoñen o 20% da nova infraestrutura***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola construción do treito da Vía de Alta Capacidade da Costa Norte entre Celeiro e San Cibrao. Este treito ten unha lonxitude total de oito quilómetros e é o segundo que se executará, tras a Variante de Ortigueira, que tamén se atopa en fase expropiatoria.

O orzamento estimado para acometer esta parte do trazado entre Celeiro e San Cibrao ascende a case 41 millóns de euros dos cales 4,2 millóns se destinan ao pagamento das expropiacións das 586 fincas afectadas pola infraestrutura nos termos municipais de Viveiro e Xove.

A VAC da Costa Norte, entre Ferrol e San Cibrao, discorrerá ao longo de 90 quilómetros e suporá un investimento total de 276 millóns de euros. Na actualidade xa se están redactando os proxectos construtivos de todos os tramos e a previsión é que este ano comecen as obras tanto na Variante de Ortigueira como no treito Celeiro-San Cibrao, que supoñen o 20 por cento da lonxitude da nova infraestrutura. A VAC da Costa Norte prolongarase ata Barreiros (onde enlazará coa Autovía do Cantábrico) a través dun corredor que executará o Ministerio de Fomento.



O GOBERNO GALEGO INVESTIRÁ 31,2 MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E A INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA DA ESTRADA VIGO-A RAMALLOSA

- ***O Consello da Xunta inicia o proceso expropiador dos terreos necesarios para realizar esta obra, que permitirá crear un paseo costeiro de preto de 16 quilómetros con vistas sobre a ría de Vigo***
- ***O proxecto prevé a mellora da seguridade viaria da estrada a través da substitución dos actuais cruzamentos por glorietas***
- ***Trátase dunha actuación recollida dentro do Plan Vigo Íntegra, que prevé continuar a reforma da estrada ata Gondomar e A Guarda***

O Consello da Xunta declarou hoxe a utilidade pública e dispuxo a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para acometer a obra de mellora da seguridade viaria e integración paisaxística da estrada Vigo-A Ramallosa (PO-325). A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá un total de 31,2 millóns de euros nesta actuación, dos cales 6 millóns van destinados ao pagamento das expropiacións dos 437 predios afectados e outros 5,1 millóns se dedicarán á reposición de servizos.

A reforma integral da PO-325 que realizará a CPTOPT suporá a reordenación do tráfico e a integración paisaxística desta estrada nos seus 15,79 quilómetros entre Vigo e A Ramallosa (Nigrán). Esta actuación de rexeneración viaria inclúe, como principal novidade, a habilitación dun espazo público perfectamente acoutado para uso dos peóns e ciclistas. Deste xeito, Política Territorial creará un paseo de preto de 16 quilómetros paralelo á estrada que estará destinado ao lecer e desfrute da cidadanía nun itinerario que discorre sobre as antigas vías do tranvía Vigo-Baiona, preto do mar e cunhas magníficas vistas.

Así mesmo, o proxecto recolle obras de mellora da seguridade viaria da estrada a través dunha reordenación dos actuais cruzamentos, que serán substituídos por glorietas. Adecuarase así a estrada aos seus usos de curto percorrido e residenciais evitando manobras perigosas.

Continuidade ata Gondomar e A Guarda

O itinerario peonil e ciclista que se creará con esta actuación entre Vigo e A Ramallosa terá continuidade ata Gondomar e A Guarda. No primeiro caso, a CPTOPT licitou, a finais de febreiro, a redacción do proxecto construtivo que deseñará a reforma da estrada entre A Ramallosa e Gondomar ao longo de 5,7 quilómetros. En relación coa prolongación ata á Guarda, Política Territorial está a redactar o proxecto para un itinerario ciclista de preto de 30 quilómetros que dará continuidade ao xa existente entre A Ramallosa e Baiona.

Todas estas actuacións están incluídas no Plan Viario Integral da Área de Vigo, "Vigo Íntegra", cuxa declaración de incidencia supramunicipal foi aprobada polo Consello da Xunta a semana pasada.



A XUNTA TRANSFIRE AO CONCELLO DE PORTO DO SON DOUS TREITOS DA ESTRADA AC-550 AO SEU PASO POLAS PARROQUIAS DE ABUÍN E CANS

O Consello da Xunta aprobou hoxe un decreto sobre o cambio de titularidade en favor do Concello de Porto do Son de dous treitos da estrada autonómica AC-550 ao seu paso polas parroquias de Abuín e Cans.

En concreto, os tramos obxecto de transferencia son 510 metros en Abuín e outros 400 metros en Cans que, tras unha modificación de trazado da estrada, a súa función quedou relegada á unha vía urbana que se utiliza unicamente como acceso ás vivendas próximas.

A transferencia dos mencionados treitos faise efectiva logo de que a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes acometera as obras de saneamento, abastecemento e construción de beirarrúas nas dúas parroquias. Ademais, o cambio de titularidade conta co informe favorable da Dirección Xeral de Obras Públicas e coa aprobación por parte do Concello de Porto do Son.

Cómpre recordar que o cambio de titularidade faise de acordo coa normativa vixente, que establece que poderán ser obxecto de cambios de titularidade a favor dos concellos aquelas estradas ou treitos de estradas que teñan características de urbanas ou pertencen a treitos antigos de estradas en que se fixeron variantes de trazado e non dan continuidade aos itinerarios de interese autonómico e que contan con alternativas viarias claras para o tráfico interurbano, como é o caso do obxecto da transferencia de hoxe.

As entregas formais dos dous treitos realizaranse mediante a sinatura das correspondentes actas, nos dous meses seguintes á publicación no DOG do Decreto aprobado hoxe. A partir dese momento, o Concello de Porto do Son asumirá a xestión, mantemento, conservación e explotación dos devanditos treitos.



O GOBERNO GALEGO UNIFICARÁ A SINALIZACIÓN TURÍSTICA DE GALICIA CUN NOVO DECRETO

- ***O obxectivo é homoxeneizar a imaxe corporativa do turismo galego e mellorar as condicións de accesibilidade e coñecemento dos seus recursos***
- ***A normativa crea o Catálogo de sinais turísticos de Galicia e establece a dobre sinalización mediante os elementos identificadores corporativos e os datos de información turística***
- ***A sinalización será dinámica en estradas e estática nos núcleos urbanos***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto mediante o cal a Consellería de Innovación e Industria regulará a sinalización turística de Galicia coa fin de unificar a imaxe corporativa do turismo galego en destino e mellorar as condicións de accesibilidade e coñecemento dos seus recursos, mediante un sistema de información homoxéneo e coherente.

A nova normativa establece o Catálogo de sinais turísticos de Galicia e os seus usos. Así, a sinalización realizarase de dous xeitos distintos: mediante elementos identificadores, que incluírá a imaxe visual corporativa e os elementos gráficos corporativos, e os sinais turísticos. Estes últimos estarán compostos por un elemento informador, que facilitará o coñecemento dos recursos turísticos galegos, unha frecha, que indique a dirección e sentido que debe seguirse para a localización dun recurso turístico determinado, unha cor e tipografía única, que identifique os recursos do ámbito territorial galego, e un pictograma, que represente un determinado recurso dependendo se responde á arquitectura civil, arquitectura relixiosa, arquitectura popular ou doutro tipo.

Todo este conxunto de sinalética será, á súa vez, de dous tipos: dinámica, en estradas, e estática, no casco urbano. A sinalización dinámica das estradas deberá contar con sinais de benvida á Comunidade e ao concello correspondente, sinais direccionais e un localizador de recurso. No tocante á sinalización no casco urbano, estará composta por sinais direccionais para o tráfico rodado e peonil. No que se refire á sinalización estática, permitirase a través dela a orientación dos peóns a un determinado destino turístico, así como darlles a coñecer e ofrecerlles unha explicación dos principais recursos da zona mediante directorios planímetros, tanto culturais como paisaxísticos, como elementos identificativos ou interpretativos dun elemento cultural, como sinais de miradoiro e panorámico. Todos estes sinais deberán de situarse en lugares visibles e de fácil acceso.

Estarán suxeitos á aplicación deste decreto a Administración galega, os seus organismos autónomos e entes de dereito público dela dependentes e as entidades públicas e privadas vinculadas co sector do turismo cando executen calquera actuación en materia de sinalización turística no territorio galego. Igualmente, co obxectivo dunha aplicación xeneralizada do Catálogo de sinais turísticos, todas as administracións públicas con competencias no ámbito territorial galego procurarán a uniformidade da sinalización turística e para iso serviránse dos correspondentes mecanismos de colaboración e cooperación. Neste sentido, a consellaría coordinará as súas competencias coa



Administración xeral do Estado, para os efectos de establecer o sistema de sinalización turística homoxéneo nos aeroportos, portos marítimos de interese xeral, estacións de ferrocarril, vías de titularidade estatal, bens do patrimonio histórico-artístico, espazos naturais e calquera outro elemento de titularidade estatal que poida resultar afectado polo decreto.

Pola súa banda, as entidades locais serán as encargadas de instalar os sinais turísticos nos ámbitos da súa titularidade, logo de informe vinculante da Dirección Xeral de Turismo da consellería en canto á súa adecuación ás prescricións técnicas do decreto. O departamento autonómico establecerá un réxime de axudas coa finalidade de garantir a implantación da sinalización turística de forma homoxénea no conxunto das entidades locais.



O COLEXIO PÚBLICO INTEGRADO O *MOSTEIRÓN* TRANSFÓRMASE NUN COLEXIO DE INFANTIL E PRIMARIA E NUN INSTITUTO DE SECUNDARIA PARA DAR RESPONSA ÁS NECESIDADES DE ESCOLARIZACIÓN DO CONCELLO DE SADA

- ***Actualmente é un centro público integrado (CPI) con capacidade para dez unidades de primaria e oito de educación secundaria obrigatoria***
- ***Mantense a oferta actual e incorpóranse 3 unidades de infantil e 2 de bacharelato***
- ***O Consello da Xunta aprobou o decreto polo que este centro se transforma en colexio de educación Infantil e primaria (CEIP) e se crea, por desagregación, un instituto de educación secundaria (IES)***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que o centro público integrado (CPI) O *Mosteirón* de Sada (A Coruña) se transforma en colexio de educación infantil e primaria (CEIP) e se crea, por desagregación, un instituto de educación secundaria (IES).

En virtude deste decreto, o CEIP froito desta transformación contará con 3 unidades de educación infantil e 10 de primaria; e o instituto de educación secundaria terá capacidade para 8 unidades de educación secundaria obrigatoria (ESO) e 2 unidades de bacharelato, integrando nel as unidades de ESO do actual CPI O *Mosteirón*.

Esta actuación dá resposta á demanda das nais e pais e aos datos de escolarización do concello, tendo en conta a racional distribución das ensinanzas para impartir nos centros de ensino no municipio e as necesidades educativas previstas para a zona.

Anteriormente este centro público dependía do Instituto Social da Mariña e nas súas instalacións impartíanse as ensinanzas de primaria, ESO e bacharelato. As instalacións, equipamento e persoal do centro foron transferidos pola Administración estatal á Comunidade Autónoma galega en virtude do Real decreto 553/2006, do 5 de maio.

Unha vez realizados o traspaso de referencia e a ordenación das ensinanzas para impartir no centro escolar O *Mosteirón* de Sada, a comunidade educativa do centro trasladoulle á Consellería de Educación a demanda de postos de educación infantil nel, ao mesmo tempo que se recibiron informes do Servizo Provincial de Inspección Educativa da Coruña que aconsellaban a reordenación das ensinanzas que este centro ten autorizadas.



O GOBERNO GALEGO INVESTIRÁ PRETO DE 900.000 EUROS NA CREACIÓN DAS ESCOLA INFANTÍS DE MOAÑA E OURENSE

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración co Concello de Moaña polo que a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar asume o 80% do orzamento da construción do centro neste municipio*
- *A achega para a construción da escola infantil do concello de Ourense ascenderá a máis de 300.000 euros*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o investimento dun total de 496.804 euros na construción da escola infantil de Moaña. O acordo materializarase mediante a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o concello de Moaña.

O orzamento para a construción desta escola é de 621.006 euros, dos cales a Vicepresidencia asume o 80 por cento, cunha achega económica de 496.804 euros, mentres que o Concello achega o 20 por cento restante, que ascende a 124.201 euros.

Esta nova escola infantil pasará a formar parte da Rede Galescola que está a impulsar a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e que implica a posta en marcha de 121 centros de atención aos nenos e as nenas de 0 a 3 anos en Galicia e participará dos plans e proxectos de mellora da calidade que se leven a cabo.

Unha vez creado, e en virtude do convenio asinado, o centro pasará a integrarse no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, dentro do que se establecerán os mecanismos precisos para darlle un marco xeral financeiro estable de cara ao futuro. Así, a Xunta de Galicia comprométese a achegar cada ano un máximo do 40% para o sostemento deste servizo, correspondéndolle un mínimo do 30% aos concellos e outro tanto aos usuarios.

Escola infantil Ourense

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta tamén achegará 381.060 euros para a creación dunha escola infantil no concello de Ourense, que se situará nas plantas baixa e primeira dun inmobile sito no nº 29 da rúa Colón. O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura do convenio de cooperación entre a Vicepresidencia e o Concello de Ourense para a creación desta escola infantil para nenos e nenas de 0 a 3 anos.

O departamento autonómico investirá 381.060 euros nas obras de rehabilitación e reforma das plantas baixa e primeira do inmobile sito no número 29 da rúa Colón, onde se vai crear a nova escola infantil municipal do Concello de Ourense.



A XUNTA DESTINARÁ MÁIS DE 22,5 MILLÓNS DE EUROS PARA O MANTEMENTOS DOS EQUIPAMENTOS DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA A TRAVÉS DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Consorcio co que se xestionarán os investimentos nos equipamentos ata o 2009***
- ***A finalidade do acordo é incrementar os niveis de cobertura, intensidade e horario da atención, mellorar as condicións de vida dos beneficiarios e adecuar os servizos ás necesidades reais da poboación***
- ***A repartición dos recursos farase en función de criterios como o tipo de centro, os custos de mantemento dos servizos, o custo das prazas e a prestación de maiores servizos***
- ***A xestión a través do Consorcio ofrécelles ás entidades locais unha fórmula de xestión compartida e unitaria e coherente que garante a suficiencia financeira dos centros***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar a través do cal se financiarán o mantemento e o funcionamento dos equipamentos de atención á dependencia, xestionados a través desta entidade. En total, o Goberno galego destinará máis de 22,5 millóns de euros para financiar os investimentos nos centros de día e residenciais xestionados a través do consorcio e no cales se prestan servizos sociais relacionados coa atención ás persoas dependentes.

A través deste convenio regularase o marco de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Consorcio para a realización de investimentos de capital en centros de servizos sociais destinados á atención de persoas dependentes, concretamente en centros de día e residenciais. Con cargo ao convenio, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar promoverá, en réxime de cooperación cos concellos que o integran, a execución de investimentos nos equipamentos de atención á dependencia, co obxectivo de garantir o acceso de todos os galegos a uns servizos públicos de calidade, a través dunha oferta de recursos suficiente e equilibrada territorialmente.

Nesta liña, apóstase por incrementar os niveis de cobertura, intensidade e horario de atención dos distintos servizos e prestacións; contribuír á mellora das condicións de vida e sociais das persoas que presentan especiais necesidades de protección social; e proceder á distribución efectiva dos servizos e prestacións co fin de dar resposta ás necesidades reais da poboación, asignando equitativamente o uso e acceso aos recursos sociais dispoñibles.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar repartirá os fondos consignados no convenio de colaboración entre os equipamentos de atención á



dependencia referidos, seguindo unha serie de criterios como son o tipo de centro; os diferentes custos do mantemento de servizos e instalacións; o maior ou menor custo das prazas de día ou residenciais; e a prestación de maiores servizos, como o de comedor ou de lavandaría, entre outros. Por medio da xestión a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ofértaselles a todas as entidades locais de Galicia unha fórmula de xestión compartida unitaria e coherente, coa cal se garante a suficiencia financeira necesaria para o bo funcionamento deste tipo de centros.



A XUNTA DESTINA 1,3 MILLÓNS DE EUROS PARA FINANCIAR OS PROGRAMAS DE EDUCACIÓN FAMILIAR QUE DESENVOLVEN OS CONCELLOS E AS MANCOMUNIDADES

- ***O Consello da Xunta autorizou a orde de axudas para o ano 2008 dun programa co que a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar que creará unha rede de profesionais con funcións de prevención, orientación e asesoramento***
- ***O obxectivo do programa de educación familiar é a intervención social individualizada, de carácter integral, en núcleos familiares que se atopan en situación de dificultade social ou de risco***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o gasto para a orde de subvencións da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para o desenvolvemento de programas de educación familiar por parte das corporacións locais de Galicia no ano 2008, ás cales o departamento autonómico destina 1,3 millóns de euros.

Este programa pretende o establecemento dunha rede de profesionais en toda Galicia, que desenvolvan os programas para educación familiar nos concellos galegos e que ten un carácter estratéxico dentro das políticas públicas de familia, tanto polo seu labor de prevención como de orientación e asesoramento. Mediante esta orde de axudas, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar apoia a existencia, mantemento e coordinación desta rede en cooperación cos concellos.

O obxectivo do programa de educación familiar é a intervención social individualizada, de carácter integral, en núcleos familiares que se atopan en situación de dificultade social ou de risco. Os proxectos deberán ter un carácter integral, de xeito que se estableza unha diagnose individual de cada núcleo familiar obxecto da intervención. Cada intervención familiar terá un carácter continuado co fin de acadar os obxectivos propostos para cada núcleo familiar e estableceranse ademais mecanismos de coordinación cos recursos e servizos existentes na zona co fin de facilitar o carácter integral de cada intervención social.

Persoal especializado

Segundo establece a orde, o persoal especializado que contrate a corporación local para desenvolver o programa deberá ser, preferentemente, educador social, aínda que tamén poden ser contratadas persoas con titulación en psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía, traballo social ou diplomados en maxisterio. A contratación de persoal debe realizalo directamente a corporación local, excluindo as formas de xestión indirecta. Así mesmo, púmase a estabilidade laboral das persoas que van desenvolver este traballo e cóntase cunha comisión de valoración que controlará que o proceso se faga de xeito transparente.

A axuda para este programa de educación infantil consiste nunha achega anual máxima de 18.000 euros por cada concello solicitante que teña un profesional a xornada completa, podendo chegar ata 36.000 euros no caso das mancomunidades e dos



concellos de máis de 50.000 habitantes. As corporacións locais deberán participar no financiamento do programa cun mínimo do 30% do orzamento total.

A orde para solicitar axudas para o programa de educación infantil entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.



O GOBERNO GALEGO PROMOVE O DESENVOLVEMENTO DUNHA FERRAMENTA MULTIMEDIA PARA A APRENDIZAXE DA LINGUA CHINESA

- ***O Consello da Xunta aprobou a sinatura dun convenio con entidades académicas e empresariais de España, Reino Unido, Bélxica, Italia e Alemaña, para a posta en marcha do proxecto Chinesecom***
- ***Esta iniciativa conta co apoio da Unión Europea e persegue a promoción do coñecemento do chinés entre os traballadores, como vía para mellorar a competitividade das empresas europeas***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e entidades académicas e empresariais de diversos países para a realización do proxecto *Competencias en chinés elemental para mellorar a competitividade das empresas da Unión Europea (Chinesecom)*. Son unha serie de accións que teñen por obxectivo achegar a traballadores e estudantes a lingua chinesa, entre as que destaca a posta en marcha dun curso multimedia e interactivo desta lingua.

O proxecto, promovido pola Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, foi aprobado pola Unión Europea dentro do programa para a promoción da aprendizaxe de idiomas do Programa de Aprendizaxe Permanente 2007-2013. A Comisión Europea realiza unha achega de 443.949 euros a este proxecto, mentres que a Administración educativa e os socios participantes destinan 147.984 euros.

Así, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria asinará un convenio coa Universidade de Málaga; a University of Wolverhampton, de Reino Unido; o Institute for Language and Communication da Universiteit Antwerpen (LINGUAPOLIS), de Bélxica; a Fondazione Italia Cina, de Italia; a Federación European & International Federation of Natural Stone Industries (EUROROC), de Alemaña; o Grupo Compostela de Universidades; e a empresa de Pontearreas Asesoramiento, Tecnología e Investigación S.L. (ATIN).

Mellora da competitividade

O convenio pretende establecer un marco de colaboración entre a Administración educativa e os socios do proxecto para o desenvolvemento de *Chinesecom*, que ten por obxectivo xeral promover a adquisición de competencias de lingua chinesa entre os cidadáns europeos, principalmente entre os traballadores de empresas que manteñan actividades comerciais con China, ou que estean interesadas na súa realización no futuro.

A iniciativa vén motivada polo aumento considerable de exportacións desde China ao resto do mundo, que está provocando que a maior parte dos países tomen decisións enfocadas á adaptación das políticas económicas e culturais á nova situación. Ademais, a Comisión Europea fomenta, desde diferentes medios, novas medidas dirixidas á promoción das exportacións e importacións, co fin de promover a competitividade das empresas europeas no mercado internacional.



Así, o convenio fixa entre os obxectivos deste proxecto levar a cabo unha investigación sobre as principais necesidades relacionadas co uso do chinés, principalmente nas empresas que leven a cabo actividades comerciais con China; e desenvolver un curso formativo baseado nas necesidades destacadas nesta investigación, que se implementará a través dunha ferramenta formativa multimedia, que estará dispoñible de forma gratuíta en internet.

Do mesmo xeito, a Consellería e os socios fomentarán a aprendizaxe desta lingua entre a xuventude, así como entre empresas con relacións comerciais con China, como medio para a mellora dos resultados na propia empresa. Outro dos obxectivos é a difusión de información sobre a economía e a cultura China, para acadar un mellor entendemento entre os cidadáns europeos da cultura e linguaxe deste país.

Este proxecto contará cun portal na internet, que poderá utilizarse tanto para o estudo da lingua chinesa como para a procura de información sobre ese país. Os contidos contarán cun deseño moderno e atractivo, farán uso de animacións e incluíranse, ademais de vocabularios, diálogos, exercicios e xogos de avaliación. Así mesmo, o idioma chinés estará escrito tanto con caracteres chineses como en *pinyin* (transcrición a caracteres occidentais).



O GOBERNO GALEGO E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA REMATARÁN EN 2009 O INVENTARIO COMPLETO DOS CRUCEIROS, CRUCES E PETOS DE ÁNIMAS DE GALICIA

- *Este ano e o que vén os traballos centraranse nas comarcas de Santiago, A Coruña, Ordes, Lugo, Terra de Lemos e O Carballiño*
- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio polo que a Consellería de Cultura alcanzará 45.000 euros para estes estudos*
- *Este convenio forma parte dunha serie de acordos de colaboración para 2008 da Consellería coas universidades galegas, por un valor total de 398.000 euros*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e a Universidade da Coruña que permitirá rematar no outono de 2009 o inventario completo dos cruceiros, cruces e petos de ánimas de Galicia. Estes traballos, que se desenvolven desde 1993, permitirán incorporar ao Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia aqueles cruceiros e petos con interese desde o punto de vista patrimonial. A catalogación chegará este ano ás comarcas de Ordes, Lugo e O Carballiño e o ano vindeiro ás bisbarras de Santiago, A Coruña e Terra de Lemos.

En virtude do acordo aprobado hoxe polo Consello da Xunta, a Consellería de Cultura alcanzará 45.000 euros para realizar estes traballos nos anos 2008 e 2009. Un equipo da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña desprazarase ás diferentes comarcas para realizar o traballo de campo de localización deses elementos patrimoniais. De cada exemplar crearán unha ficha co plano de situación, fotografías e debuxos, descrición, datos históricos e etnográficos, estado legal, estado de conservación e outros datos relevantes.

O equipo de traballo chegarase este ano aos concellos de Ordes, Mesía, Cerceda, Tordoia, Val do Dubra, Trazo e Oroso na comarca de Ordes; Outeiro de Rei, Friol, Lugo, Castroverde, Guntín, Portomarín e O Corgo na comarca de Lugo; e Cea, Beariz, O Carballiño, O Irixo, Piñor, Maside, Boborás, Punxín e San Amaro na comarca do Carballiño.

Xa en 2009 desenvolveranse os traballos nos concellos da Coruña, Oleiros, Sada, Bergondo, Arteixo, Cambre, Culleredo, Carral e Abegondo na comarca da Coruña; Santiago, Ames, Brión, Teo, Boqueixón e Vedra na comarca de Santiago, e O Saviñao, Bóveda, A Pobra de Brollón, Monforte, Pantón e Sober na Terra de Lemos.

Este proxecto desenvólvese desde 1993, incorporando ano a ano novas comarcas nas que se fai un inventario pormenorizado dos cruceiros e petos de ánimas. Na actualidade está rematado arredor do 90% do traballo. As comarcas as que se chegará na anualidade 2008-2009 son as últimas do estudo, e con elas se rematarán os labores de inventario. Posteriormente, os técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio farán un traballo de filtrado para incorporar ao Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia a maioría dos



elementos recollidos, agás aqueles que non teñan interese desde o punto de vista patrimonial.

Convenios coas universidades

Este convenio coa Universidade da Coruña forma parte dunha serie de acordos de colaboración para o ano 2008 que vai establecer a Consellería de Cultura e Deporte con universidades galegas. O obxectivo é realizar ao longo deste ano diversos proxectos que teñen como denominador común o estudo e divulgación do patrimonio cultural nas súas diferentes manifestacións.

En total, asinaranse convenios por valor de 413.000 euros. Asinaranse sete convenios coa Universidade de Santiago por 234.000 euros, dous coa Universidade da Coruña por 117.000 euros, un coa Universidade de Vigo por 40.000 euros e outro co centro asociado da UNED da Coruña por 22.000 euros.



A XUNTA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO FARÁN ANÁLISES DO XACIGO ARQUEOLÓXICO DO AREAL EN VIGO

- **O Consello da Xunta aproba hoxe a sinatura dun convenio polo que a Consellería de Cultura alcanzará 38.000 euros en 2008 e 2009 para estes traballos**
- **Os traballos centraranse no estudo do xacigo romano do Areal onde as actuacións arqueolóxicas puxeron de manifesto diversas estruturas vinculadas ó medio mariño, como son a industria de salazón e as saíñas de época romana**
- **Un equipo da Universidade realizará análises paleoambientais e arqueométricas do rexistro arqueolóxico deste xacigo escavado nos anos 1995 e 1996**
- **Este convenio forma parte dunha serie de acordos de colaboración para 2008 da Consellería coas universidades galegas, por un valor total de 398.000 euros**

A Consellería de Cultura e Deporte e a Universidade de Santiago continuarán este ano e o vindeiro co proxecto de análises paleoambientais e arqueométricos do rexistro arqueolóxico do xacigo do Areal, na cidade de Vigo. O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio polo que a Xunta alcanzará 38.000 para realizar estes traballos nos anos 2008 e 2009, co obxectivo de coñecer mellor este importante xacigo da época romana con estruturas vinculadas ao medio mariño.

O obxectivo deste proxecto é continuar os estudos e análises precisos para o coñecemento paleoambiental e arqueométrico do amplo rexistro arqueolóxico de Vigo. Faranse, entre outros, análises xeoarqueolóxicas, sedimentolóxicas e xeomorfolóxicas. Na anualidade 2008-2009 os traballos centraranse no estudo das analíticas procedentes do xacigo romano do Areal, onde as actuacións arqueolóxicas puxeron de manifesto diversas estruturas vinculadas ao medio mariño, como son a industria de salga e as salinas da época romana.

Durante o derradeiro trimestre de 1995 e o inicio de 1996 escavouse integramente un soar na rúa Hospital núm. 5 de Vigo, situado no centro da cidade. O soar, incluído na área de protección do xacigo romano do Areal-Pontevedra, atopábase a menos de 50 metros do lugar en que en 1953 apareceron varias estelas funerarias romanas, hoxe no museo municipal.

O soar correspóndese co patio do antigo convento de monxas do Areal, posteriormente hospital militar. Os niveis arqueolóxicos corresponderon a unha ampla banda temporal, dende o século XIX ata a época altoimperial romana. Baixo o nivel do XIX atopouse un do XVII, outro medieval, unha necrópole que vai desde o século II ata o VI ou VII despois de Cristo, unhas salinas en toda a extensión do terreo, que datan do século II d.C. e, no derradeiro nivel, restos de ánforas da épocas altoimperial.

A necrópole da época tardorromana foi a máis representada, atópanse enterramentos de moi diversos tipos: en tégula, granito, lousa, ánfora, terra... É para destacar a aparición de restos importantes de elementos relacionados con enterramentos.



Deste xeito, confirmouse a existencia dun poboado relativamente importante (Vicus), situado no que hoxe é o centro de Vigo, se temos en conta os resultados destas escavacións e outras anteriores noutros puntos. Os estudos aos cales se lles dá agora continuidade pretenden afondar neste coñecemento.



O GOBERNO GALEGO ACTUALIZA A CARTEIRA DE SERVIZOS E AS TARIFAS CORRESPONDENTES A 2008 CON TRES CENTROS SANITARIOS CONCERTADOS DA PROVINCIA DA CORUÑA

- ***O importe estimado para o 2008 dos concertos con La Rosaleda en Santiago e San Rafael e Santa Teresa da Coruña sitúase en 19.200.000 euros***

O Consello da Xunta de Galicia acordou hoxe actualizar os concertos subscritos entre o Servizo Galego de Saúde e os centros sanitarios Policlínico La Rosaleda de Santiago de Compostela, Instituto Médico Cirúrxico San Rafael e o Instituto Policlínico Santa Teresa, ambos os dous últimos da cidade da Coruña.

O importe total estimado para estes tres centros pola súa actividade que se vai desenvolver no 2008, á hora de atender aos pacientes beneficiarios da Seguridade Social protexidos polo Servizo Galego de Saúde, é de 19.200.000 euros.

Desagregadas as cantidades por centros, o importe total estimado para o 2008 no concerto entre o Servizo Galego de Saúde e o Policlínico La Rosaleda é de 3.900.000 euros; para o concerto co Instituto Cirúrxico San Rafael é de 7.800.000 euros; e para o Instituto Policlínico Santa Teresa é de 7.500.000 euros.

Estes concertos responden ao convencemento da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde de aproveitar todos os recursos sanitarios existentes tanto públicos como privados, sempre e cando estes últimos sexan subsidiarios e complementarios da actividade pública.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O INVESTIMENTO DE 790.000 EUROS NA INSTALACIÓN DE COLECTORES E NA DEPURACIÓN EN DÚAS PARROQUIAS DO CONCELLO OURENSÁN DE CORTEGADA

- *As obras consistirán na recollida das augas residuais mediante colectores nas parroquias de Refoxos e Zaparín, así como a instalación de sistemas de depuración nos núcleos de Piñón e A Raíña, en Zaparín, e no núcleo do Regueiro, na parroquia de Refoxos*
- *O prazo de execución do proxecto é de 12 meses*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirá 790.000 euros na primeira fase de instalación de colectores e sistemas de depuración nas parroquias de Refoxos e Zaparín, no concello ourensán de Cortegada. O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración entre a Administración autonómica e a local para a realización do proxecto.

As obras consistirán na recollida das augas residuais mediante colectores nas dúas parroquias, así como a instalación de sistemas de depuración nos núcleos de Piñón e A Raíña, na parroquia de Zaparín, e unha depuradora para o núcleo do Regueiro, na parroquia de Refoxos.

O proxecto dividirase en actuacións de saneamento e depuración; a primeira delas, a instalación dunha rede de colectores na parroquia de Zaparín, que comprende aos núcleos da Torre, Cerdeiral, Fondo de Vila, Piñón e A Raíña. Nesta mesma parroquia acometerase un sistema de depuración baixo o núcleo de Piñón, coa instalación dunha pequena depuradora para 200 habitantes equivalentes, e no núcleo da Raíña.

Por outra parte, na parroquia de Refoxos está previsto construír unha rede de colectores para dar servizo aos núcleos de Casares de Refoxos, O Regueiro, Refoxos, A Encoutada, Vilela e Aldea de Souto, enlazando esta rede coa existente no núcleo de Abelenda. Así mesmo, instalarase un sistema de depuración no núcleo de O Regueiro.

O prazo de execución do proxecto é de 12 meses e estará financiado na súa totalidade pola Consellería de Medio Ambiente, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH). O investimento dividirase en dúas anualidades; a primeira, con cargo aos orzamentos de 2008, será de 400.000 euros; e a segunda, para o 2009, de 390.000 euros.



O GOBERNO GALEGO INVISTE 184.000 EUROS NAS OBRAS DE REURBANIZACIÓN DA PRAZA DE FONTEI NO CONCELLO DA RÚA

- ***O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello para levar a cabo esta actuación cun orzamento total de 230.000 euros***

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello da Rúa para executar as obras de reurbanización da praza de Fontei. O investimento total previsto para esta actuación ascende a 230.000 euros, dos cales 184.000 euros son achegados pola Consellería de Vivenda e Solo en tres anualidades: 40.000 euros con cargo aos orzamentos de 2008, 96.000 euros con cargo á anualidade 2009, e os 48.000 euros restantes con cargo ao exercicio 2010.

A praza de Fontei, obxecto das obras de reurbanización, abrangue parte das rúas Padre Feijó e Ramona Ojeda, así como o adro da Igrexa de Nosa Señora de Fátima, o que supón un ámbito de actuación de aproximadamente 3.000 m².

As obras consistirán no levantamento dos pavimentos actuais, a renovación das redes de infraestruturas de augas e sumidoiros e o soterramento da iluminación. Nese sentido, a pavimentación realizarase en granito e lastro de basalto, ofrecendo un aspecto máis rústico e acorde co contorno. Tamén se prevé a colocación de mobiliario urbano, a execución dun xardín e a plantación de árbores.

Esta actuación enmárcase nunha das liñas de actuación da Consellería de Vivenda e Solo que consiste no fomento da rehabilitación, recuperación e renovación dos centros históricos, dos tecidos urbanos degradados, das áreas de rehabilitación, do medio rural e das vivendas e edificacións destes ámbitos, mediante todo tipo de axudas e a sinatura de convenios de colaboración con outros organismos ou entidades.



O GOBERNO GALEGO INVISTE 307.000 EUROS NA REURBANIZACIÓN DA RÚA SALGADO MOSCOSO NO CASCO HISTÓRICO DO CONCELLO DE RIBADAVIA

- ***O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio entre a Consellería e o concello para levar a cabo esta actuación cun orzamento total de 383.827 euros***

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Ribadavia para executar as obras de reurbanización da rúa Salgado Moscoso no núcleo histórico da vila. O investimento total previsto para esta actuación ascende a 383.827 euros, dos que 307.000 euros son achegados pola Consellería de Vivenda e Solo en dúas anualidades: 150.000 euros con cargo aos orzamentos de 2008 e 157.000 euros con cargo á anualidade 2009.

O obxectivo desta actuación en materia de recuperación de espazos públicos consiste na renovación completa das instalacións existentes, tendo en conta a importancia desta rúa que vertebra parte do núcleo histórico atravesándoa do norte ao Sur, constituíndo unha vía de acceso á súa parte baixa do mesmo.

As obras consistirán, por unha banda, na pavimentación da rúa mantendo as lousas de pedra que estean en bo estado e substituíndo por outras de similares características aquelas que se atopan nun alto grao de deterioración. Por outra banda, está prevista a instalación da rede de abastecemento, saneamento e pluviais, así como a de media e baixa tensión de forma subterránea.

Ademais, as obras recollidas no convenio para a reurbanización da rúa Salgado Moscoso prevén a instalación da rede de telefonía e telecomunicación, iluminación público, gas e contedores subterráneos. Tamén se colocará mobiliario urbano.

Esta actuación enmárcase nunha das liñas de actuación da Consellería de Vivenda e Solo que consiste no fomento da rehabilitación, recuperación e renovación dos centros históricos, dos tecidos urbanos degradados, das áreas de rehabilitación, do medio rural e das vivendas e edificacións destes ámbitos, mediante todo tipo de axudas, e a sinatura de convenios de colaboración con outros organismos ou entidades.



A XUNTA INVISTE 1,1 MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA DE VARIAS RÚAS NO NÚCLEO URBANO DE OURENSE PARA O SEU ACONDICIONAMENTO COMO ESPAZOS PÚBLICOS DE CALIDADE

- ***O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o concello para levar a cabo esta actuación cun orzamento total de 1,4 millóns de euros***

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Ourense para a mellora de varias rúas no núcleo urbano da cidade para o seu acondicionamento como espazos públicos de calidade. O investimento total previsto para esta actuación ascende a 1.408.641 euros, dos cales 1.126.913 euros son achegados pola Consellería de Vivenda e Solo en dúas anualidades: 469.940 euros con cargo aos orzamentos de 2008 e 656.973 euros con cargo á anualidade 2009.

As rúas obxecto das obras de reurbanización son a Río Támeqa, Río Sil, Río Bibeí, Río Arenteiro, Río Avia e Florentino Cuevillas. O obxectivo desta actuación é a súa recuperación como espazos públicos de uso principalmente peonil, tendo en conta que se trata de zonas do núcleo urbano caracterizadas por un acusado abandono dentro do crecemento da cidade en beneficio doutros espazos máis recoñecidos.

Trátase pois dunha actuación dirixida á preparación destas rúas outorgándolle prioridade ao uso peonil, deixando nun segundo plano o tráfico rodado. Nese sentido, as rúas precisan da organización dos carrís para tráfico rodado nun só sentido, ampliando as zonas de peóns e chantando a vexetación e iluminación acaídas. Ademais, colocárase mobiliario urbano e executaranse os correspondentes vados peonís axustándose á Lei de accesibilidade.

Esta actuación enmárcase nunha das liñas de actuación da Consellería de Vivenda e Solo que consiste no fomento da rehabilitación, recuperación e renovación dos centros históricos, dos tecidos urbanos degradados, das áreas de rehabilitación, do medio rural e das vivendas e edificacións destes ámbitos, mediante todo tipo de axudas, e a sinatura de convenios de colaboración con outros organismos ou entidades.



A XUNTA DESTINA 240.000 EUROS PARA O FINANCIAMENTO DAS OFICINAS DE REHABILITACIÓN DOS CONCELLOS DA CORUÑA, SANTIAGO DE COMPOSTELA, OURENSE E VIGO

- ***A subvención da Consellería de Vivenda e Solo materializarase mediante a sinatura de convenios de colaboración cos catro concellos***
- ***Esta partida orzamentaria está destinada a sufragar os gastos de mantemento e do persoal encargado de informar e xestionar as axudas para as áreas de rehabilitación e a obtención da cédula de rehabilitación de calidade***

A Consellería de Vivenda e Solo destina un investimento de 240.000 euros para o financiamento das oficinas de rehabilitación dos concellos da Coruña, Santiago de Compostela, Vigo e Ourense. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de convenios de colaboración con estes concellos que reflectirán este investimento, destinado a sufragar os gastos de mantemento e do persoal desta oficina.

As oficinas de rehabilitación dos concellos xestionan as axudas destinadas á recuperación de vivendas incluídas dentro das áreas de rehabilitación, tanto áreas de rehabilitación integral (ARI) como áreas de rehabilitación de centro histórico (ARCH). Neste senso, as oficinas fan un labor de información, asesoramento e incentivo das actuacións nestas áreas.

Tamén se ocupan de ofrecer información e xestionar a tramitación necesaria para obter a cédula de rehabilitación de calidade. Isto supón a realización de visitas previas de información e asesoramento antes do outorgamento da resolución de conformidade da cédula, o seguimento das actuacións mentres están en marcha as obras, así como as visitas finais.

Inmediatamente despois da sinatura dos convenios cos concellos da Coruña, Santiago de Compostela, Vigo e Ourense, a Consellería de Vivenda e Solo procederá ao aboamento do 50% desta subvención e o importe restante será aboado logo do gasto realizado en 2008.

Axudas aos propietarios

O Plan de Vivenda 2005-2008 establece axudas á rehabilitación destinadas aos propietarios das vivendas integradas nas ARIs de ata un 80% do orzamento protexible cun importe máximo de 9.000 euros por vivenda. No caso das ARCH as axudas poden supor ata un 80% do orzamento protexible, por un importe máximo de 11.000 euros por vivenda. Así mesmo, en ambos os casos prevense subvencións aos concellos, de ata o 50% nas ARI e ata o 60% nos ARCH, para obras de urbanización e reurbanización de prazas e rúas no contorno das vivendas rehabilitadas.

Por outra banda, a liña de axudas destinadas á rehabilitación de vivendas no medio rural e conxuntos históricos, reguladas no Decreto 157/2006, inclúe como un requisito indispensable a obtención da cédula de rehabilitación de calidade. Esta liña de axudas vai



destinada a persoas, familias ou unidades convivenciais cuns ingresos ponderados de ata 3,5 veces o indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM), é dicir, ata 23.475 euros anuais. As axudas son de ata o 50% do orzamento da obra cunha contía máxima de 24.000 euros, se son obras de rehabilitación, e de 30.000 euros se son obras de renovación.